

En consecuencia, e para dar cumprimento a esta obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Dar publicidade á relación dos convenios subscritos polo Instituto Galego de Segurida-

de e Saúde Laboral no último cuadrimestre de 2008, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2009.

Miguel José Martínez Losada
Director do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

ANEXO

Convenio	Obxecto	Importe achegado polo ISSGA	Data da sinatura
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar para o desenvolvemento de actividades de investigación para o deseño de equipamentos de protección individual.	Establecer canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de investigación encamiñadas ao deseño de equipamentos de protección individual (EPI) específicos para a actividade do marisqueo a pé, no marco do proxecto "Saúde" que lidera Cetmar.	0,00 €	20-11-2008
Acordo marco de cooperación entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar.	Establecer un marco global de colaboración entre o ISSGA e Cetmar, en reflexo do propio interese que as partes manifestan e regular a ordenación de cantas accións, en desenvolvemento deste, se vaian producindo.	0,00 €	20-11-2008

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 10 de febreiro de 2009 sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

A Lei orgánica do poder xudicial, modificada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, prevé que por razóns de urxencia ou necesidade poderán nomearse funcionarios interinos, que desenvolverán as funcións propias dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, mentres non sexa posible o seu desempeño por funcionarios de carreira ou permanezan as razóns que motivaron o seu nomeamento (artigo 472.2º).

O réxime estatutario dos funcionarios de carreira seralles aplicable a estes funcionarios interinos no que sexa adecuado á natureza da súa condición. En realidade, concédenselles aos nomeados interinos os mesmos dereitos e deberes dos funcionarios, agás a fixeza no posto de traballo; perciben as mesmas retribucións básicas e complementarias, pero non lles será aplicable o réxime de clases pasivas e estarán integrados no réxime xeral da Seguridade Social (artigos 474.2º, 489.2º e 495.2º da LOPX).

En virtude da transferencia de funcións á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, realizada a través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, e do decreto da Xunta de Galicia 438/1996, do 20 de decembro, os funcionarios dos corpos de médicos forenses e dos novos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial depen-

den organicamente da comunidade autónoma. Esta dependencia instrumentase a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á cal lle corresponden as competencias nesta materia, segundo o Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se aprobou a súa estrutura orgánica.

Neste marco legal, correspóndelle á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regular con criterios obxectivos o nomeamento de funcionarios interinos -que deberán posuír os requisitos e a titulación necesarios para o ingreso no corpo respectivo-, o prazo de toma de posesión, así como o seu cesamento (artigo 489 da LOPX).

Esgotada a vixencia das bolsas de interinos anteriores, procede efectuar unha nova convocatoria, adaptando a regulación ao novo réxime estatutario que resulta da Lei orgánica 19/2003.

Polo anteriormente exposto, e logo da negociación coas organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Xustiza,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I
DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. O obxecto desta orde é a regulación do procedemento de selección, nomeamento, permanencia e cesamento de funcionarios interinos ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, para desempeñaren as funcións legalmente reservadas aos corpos nacionais de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial.

2. Esta regulación comprende a selección dos candidatos, a formación e integración destes en bolsas de traballo, así como establecer o procedemento para o seu nomeamento e o seu cesamento como funcionarios interinos.

Artigo 2º.-*Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións contidas nesta orde serán aplicables ao nomeamento de interinos para traballar en todos os centros de destino da Administración de xustiza radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, desempeñando funcións dos corpos xerais de funcionarios ao servizo da dita administración.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta orde o nomeamento de secretarios e persoal dos xulgados de paz que non estean dotados con cadro de persoal ao servizo da Administración de xustiza.

Artigo 3º.-*Definicións.*

Para os efectos do disposto nesta orde, entenderase por:

a) Bolsa de traballo: conxunto de candidatos seleccionados para seren designados funcionarios interinos, ordenados nunha lista en función da puntuación obtida na valoración dos méritos. Seguindo a orde da lista produciranse os nomeamentos.

b) Bolsa de reserva: lista ordenada das persoas que poderán ser nomeadas funcionarios interinos se se esgota a bolsa de traballo.

Artigo 4º.-*Normas xerais.*

1. Por razóns de urxencia ou de necesidade a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Xustiza, poderá nomear interinos para desempeñaren tarefas dos corpos de funcionarios mencionados no artigo 2º desta norma, mentres non sexa posible o seu desempeño por funcionarios titulares de carreira.

2. Os nomeamentos de interinos produciranse, de acordo coas necesidades do servizo e coas disponibilidades orzamentarias, para ocuparen provisoriamente postos vacantes ou para supliren ausencias prolongadas de titulares. Tamén poderá acordarse como medida de apoio cando por causas obxectivas, de carácter urxente, sexa necesario reforzar os cadros de persoal.

CAPÍTULO II

FORMACIÓN DAS BOLSAS DE TRABALLO

Artigo 5º.-*Bolsas de traballo e bolsas de reserva.*

1. A selección dos que desexen ser chamados para cubrir postos con carácter temporal realizarase mediante a inclusión das persoas que acrediten máis méritos en bolsas de ámbito provincial. Os candidatos figurarán na zona de preferencia indicada na súa solicitude.

2. Cada bolsa estará integrada polos candidatos seleccionados, ordenados nunha lista en función da puntuación que obtivesen, de conformidade co previsto no artigo 9º desta orde.

3. Formarase unha bolsa de traballo para cada un dos corpos de funcionarios e, seguindo a orde de lista desta bolsa, produciranse os nomeamentos como funcionario interino.

4. Se se esgotar a bolsa de traballo, chamaranse os integrantes da bolsa de reserva.

5. No caso de esgotarse tamén a bolsa de reserva, e mentres non se formen novas bolsas, ofreceráselles a posibilidade de aceptaren voluntariamente o nomeamento aos integrantes da bolsa do corpo inmediatamente superior e, subsidiariamente, aos do corpo inmediatamente inferior que posúan os requisitos exixidos para o posto concreto; no caso de non existir ningún, poderá chamarse aos solicitantes que, baremados, non foron incluídos, de acordo co disposto nesta orde, nin na bolsa de traballo nin na bolsa de reserva e, por último, poderá acudirse ás listas do Inem.

6. De producirse baixas definitivas nas bolsas de traballo, serán cubertas polos integrantes da bolsa de reserva segundo a orde de puntuación inicial, de xeito que se manteña o número inicial de integrantes das bolsas. Pola súa vez, esta bolsa de reserva completárase cos solicitantes admitidos e que quedaron excluídos seguindo a orde da puntuación obtida.

7. En todo caso, só se poderá estar incluído nunha bolsa.

Artigo 6º.-*Composición e vixencia das bolsas de traballo.*

1. O número de integrantes das respectivas bolsas determinarase aplicando as seguintes porcentaxes, que se actualizarán cando entren en funcionamento novos órganos xudiciais ou existan circunstancias excepcionais que o aconsellen, en relación cos cadros de persoal vixentes:

a) Postos reservados ao corpo de xestión procesual e administrativa: para a bolsa de traballo, un 10% dos postos, para a bolsa de reserva, un 5% dos postos.

b) Postos reservados ao corpo de tramitación procesual e administrativa: para a bolsa de traballo un 15% dos postos, para a bolsa de reserva un 8%.

c) Postos reservados ao corpo de auxilio xudicial: para a bolsa de traballo un 25% dos postos, para a bolsa de reserva, un 13%.

2. Reservarase o 5% dos postos de cada lista para persoas cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33%.

3. As bolsas terán unha vixencia de dous anos, salvo que se esgote algunha das súas listas ou que, por modificacións legislativas ou por circunstancias especiais, sexa necesario realizar unha nova convocatoria. Esta convocatoria anticipada requirirá a previa consulta á comisión paritaria de interinos.

Artigo 7º.-*Condicións xerais dos candidatos.*

1. Os candidatos a seren incluídos nas bolsas deberán reunir, na data en que finalice o prazo de presentación de instancias e na data de toma de posesión do posto, as condicións sinaladas nas letras a), b), c) e e). As condicións que se sinalan nas letras d), f) e g) deberán ser posuídas polos candidatos só na data en que finalice o prazo de presentación de instancias.

a) Nacionalidade española.

b) Ter 16 anos de idade e non ter chegado á idade de xubilación.

c) **Habilitación:**

1. Non ter sido condenado por delito doloso a penas privativas de liberdade maiores de 3 anos, a non ser que se obtivese a cancelación dos antecedentes penais ou a rehabilitación.

2. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, e non estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas, agás que fose debidamente rehabilitado.

3. Que non cesasen como interinos por falta de capacidade ou rendemento nos últimos tres anos.

d) Figuraren inscritos no servizo público competente como demandantes de emprego, agás os que se atopen traballando ou estean nas bolsas de interinos da Administración de xustiza como mellora de emprego.

e) Non teren causa de incompatibilidade para o exercicio da función pública na Administración de xustiza.

f) Non padeceren defecto físico ou enfermidade psíquica ou física, ou calquera outra circunstancia que os incapacite para o posto de traballo.

g) Teren residencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de persoas con discapacidade deberán ter recoñecida a condición legal de discapacidade cun grao igual ou superior ao 33%, así como acreditar a compatibilidade para o desempeño das funcións correspondentes ao corpo que se presenten mediante certificado expedido para o efecto polo órgano competente, o cal deberá presentarse xunto coa instancia.

Artigo 8º.-Condicións específicas segundo as bolsas de traballo.

1. Os candidatos deberán posuír, ou estar en condicións de obter antes de finalizar o prazo de presentación de instancias, a titulación que se indica a seguir; no caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase achegar coa solicitude o documento orixinal, ou unha copia cotexada deste, que acredite a súa homologación:

1. Para postos do corpo de xestión procesual e administrativa: diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente.

2. Para postos do corpo de tramitación procesual e administrativa: título de bacharelato ou equivalente.

3. Para postos do corpo de auxilio xudicial: graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

2. Para a inclusión nas bolsas do corpo de tramitación procesual e administrativa deberá acreditarse experiencia na utilización do procesador de tratamento informatizado de textos. Considérase acreditada esta experiencia respecto dos que, incluídos nas dúas últimas bolsas de traballo, desempeñaron durante, polo menos, seis meses, en calquera delas, postos de oficial/xestor, tramitador/auxiliar na Administración de xustiza. Así mesmo, considerárase

acreditada esta experiencia respecto das persoas que superaron probas sobre o procesador de tratamento informatizado de textos en procesos selectivos para ingreso nas administracións públicas nos últimos tres anos, así como respecto daquelas que presenten unha certificación ou un diploma acreditativo, expedido por un centro de formación recoñecido oficialmente, organismo, institución oficial ou organización sindical. Deberase indicar a norma de homologación ou recoñecemento e achegarse coa instancia.

Artigo 9º.-Ordenación dos interesados na bolsa de traballo.

1. Os candidatos que reúnan as condicións establecidas nos artigos anteriores serán seleccionados e ordenados na correspondente bolsa en función da baremación dos seus méritos.

Valoraranse e baremaranse os seguintes méritos:

1º a) Superación de exercicios das últimas oposicións realizadas para o corpo a que se opta:

-Para os corpos de tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial: 5 puntos por cada exercicio superado da última oposición. Puntuación máxima: 10 puntos.

-Para o corpo de xestión: 3 puntos polo 1º exercicio, 3 puntos polo segundo exercicio, 4 puntos polo terceiro exercicio correspondentes á última oposición. Puntuación máxima: 10 puntos.

-Para todos os corpos: 2,5 puntos por cada exercicio superado na penúltima oposición. Puntuación máxima: 5 puntos.

b) Superación de exercicios doutras oposicións de xustiza, cunha puntuación máxima de 5 puntos:

-Por calquera exercicio superado nas tres últimas oposicións dos distintos corpos da Administración de xustiza, excepto se xa se valorou conforme o disposto na anterior letra a): 1 punto.

Os que aprobasen todos os exercicios da última oposición terán dereito a seren incorporados directamente á correspondente bolsa de traballo, na cal quedarán colocados, se non posúen máis méritos dos sinalados neste artigo, ao final da bolsa, na orde correspondente á puntuación ou nota que obtivesen na oposición.

2º Tempo de servizos: 0,25 puntos por cada mes completo de servizo como funcionario interino da Administración de xustiza naquel corpo funcional onde solicite ser incluído; computarase a antigüidade desde o ano 1992. Tamén se valorarán, se é o caso, na bolsa de xestión, os servizos como oficial interino; na de tramitación, os servizos prestados como oficial e como auxiliar; e na de auxilio, os servizos como auxiliar e como axente. Puntuación máxima: 18 puntos.

3º Coñecemento da lingua galega: certificado Celga 4 ou similar 0,50 puntos; curso de linguaxe xurídica de nivel medio 0,70 puntos, curso de linguaxe xurídica superior 1,5 puntos. Terase en conta a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certi-

ficados oficiais acreditativos dos niveis do coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG nº 146, do 30 de xullo). Só se valorará o curso de maior nivel dos presentados. Tampouco se lles valorarán os cursos de iniciación e perfeccionamento aos solicitantes que acrediten o curso básico de linguaxe xurídica.

4º Formación informática: valorarase ata un máximo de 2 puntos segundo o seguinte baremo:

-Licenciatura en informática: 2 puntos.

-Títulos de formación profesional de II ou III grao, especialidade en informática; diplomado en informática: 1,7 puntos.

-Cursos de informática, ata un máximo de 1,5 puntos: 0,010 puntos por hora, para os cursos con aproveitamento, e 0,005 puntos por hora para os cursos sen aproveitamento.

Non se valorarán os cursos en que non se acrediten as horas lectivas.

Os cursos de igual ou similar contido só se computarán unha vez.

5º Cursos de formación continua relacionados coa Administración de xustiza: ata un máximo de 1,3 puntos:

Valoración:

-0,010 puntos por hora lectiva, no caso de cursos con aproveitamento.

-0,005 puntos por hora lectiva, no caso de cursos sen aproveitamento.

Non se valorarán os cursos en que non se acrediten as horas lectivas.

Os cursos de igual ou similar contido só se computarán unha vez.

6º Titulación académica: ata un máximo de 3 puntos, valoraranse as seguintes titulacións:

-Licenciado en dereito: 2 puntos.

-Diplomado en criminoloxía, relacións laborais, xestión e Administración pública, ou ter superado o primeiro ciclo da licenciatura en dereito: 1 punto.

2. No suposto de empate, desfarase pola maior puntuación obtida seguindo a orde establecida neste artigo. De continuar o empate, terase en conta a puntuación obtida no primeiro exercicio de acordo coa última oferta de emprego público ou, na súa falta, ou de persistir o empate, observarase a prioridade alfabética comezando pola letra correspondente á última oferta de emprego para os corpos da Administración de xustiza.

Artigo 10º.-*Convocatoria das bolsas.*

1. A Dirección Xeral de Xustiza é o órgano competente para a convocatoria e constitución das bolsas de traballo.

2. A convocatoria para a formación das bolsas de traballo publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes presentaranse nos lugares e no prazo que indicará a resolución da convocatoria.

3. Os interinos integrantes de bolsas anteriores, e que se atopen traballando cando se realice a correspondente convocatoria, terán a obrigaón de presentar a correspondente solicitude aos corpos a que queiran optar, incluído o corpo en que estean prestando servizos se posúen a titulación e demais requisitos exixidos.

Artigo 11º.-*Composición das listas e aprobación das bolsas de traballo.*

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, puntuaranse as solicitudes dos aspirantes conforme o baremo establecido no artigo 9º desta orde.

2. Os admitidos figurarán nunha lista ordenada segundo a orde alfabética. En canto ás persoas non admitidas, indicárase a causa da exclusión.

3. As listas provisorias publicaranse nos taboleiros oficiais da Dirección Xeral de Xustiza, das delegacións provinciais da consellería, do Tribunal Superior de Xustiza, das audiencias provinciais e dos xulgados decanos das capitais de provincia e das cidades de Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela, no sitio web da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na intranet de Xustiza.

4. Os interesados terán dez días desde a publicación das listas provisorias para reclamar sobre calquera dos datos contidos na lista perante o órgano que realizou a convocatoria.

5. Cando finalice o prazo previsto no punto anterior, a Dirección Xeral de Xustiza aprobará as listas definitivas de seleccionados, ordenados por puntuación, que se publicarán nos lugares establecidos no punto 3 deste artigo. No caso de estar en máis dunha lista, a Administración colocará o solicitante na que-la onde obtivese un mellor posto.

Artigo 12º.-*Cursos de formación.*

1. Na convocatoria establecerase a obriga da realización de cursos de formación para aqueles integrantes das bolsas de interinos que non teñan completado, polo menos, seis meses de servizo efectivo como interinos no respectivo corpo.

2. A superación dos ditos cursos é requisito imprescindible para poder integrarse na correspondente bolsa definitiva ou para manterse nela. Só por causas excepcionais, derivadas da insuficiencia de solicitantes para unha bolsa concreta, poderá a Dirección Xeral de Xustiza directamente, tras a petición da respectiva delegación provincial, acordar que a superación non é requisito para integrarse na bolsa; neste caso a asistencia aos cursos tamén é obrigatoria, en caso contrario o aspirante quedará automaticamente excluído.

3. Os cursos serán gratuítos; no entanto serán de cargo dos participantes os gastos de locomoción e similares, sen que, en ningún caso, a obrigatoria asistencia aos cursos orixine ningunha indemnización a favor dos participantes.

Artigo 13º.-Período de prácticas.

1. Os aspirantes das bolsas que non teñan completados, polo menos, seis meses de servizos efectivos e que sexan nomeados terán a consideración de interinos en prácticas.

2. O período de prácticas terá unha duración de dous meses desde o nomeamento, computándose o dito período de forma continuada ou en períodos acumulables. Durante este período de prácticas terán os mesmos dereitos retributivos que o resto dos interinos.

3. Finalizado o período de prácticas, o director funcional, nas súas funcións de colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza, emitirá un informe sobre o rendemento do interino cando o dito rendemento for considerado insuficiente, á vista do cal, e sen prexuízo de pedir outros, a delegación provincial, tras o procedemento correspondente, poderá excluílo da bolsa.

4. No momento en que se formalice un novo nomeamento, sen ter transcorrido o período máximo de dous meses, procederá a correspondente delegación provincial a comunicarlle ao responsable funcional a existencia do dito período de prácticas, coa extensión e alcance destas.

5. Se o aspirante supera o período de prácticas, quedará integrado con carácter definitivo na bolsa correspondente e, no caso de que continúe prestando servizos, producirase a renovación automática do seu nomeamento como funcionario interino.

6. A non superación do período de prácticas suporá o cesamento no posto de traballo e a exclusión definitiva da bolsa; para iso a delegación provincial iniciará o correspondente expediente contradictorio en que o aspirante a interino afectado poderá presentar as alegacións e propoñer as probas que ao seu dereito conveña no prazo de cinco días hábiles desde que lle fose notificado o inicio do expediente. Seguiranse os trámites previstos no artigo 22º desta orde.

Artigo 14º.-Chamamento para un posto concreto.

Efectuarase segundo os seguintes criterios:

1. Respetarase a orde de puntuación establecida na respectiva bolsa.

2. Se o chamamento corresponder a unha persoa que está traballando como interina na Administración de xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, pasaralle a vez e conservará o mesmo posto.

3. Cando se produza o cesamento dun funcionario interino colocarse ao final da correspondente bolsa, agás cando non acumúlase 180 días de servizo entre todos os destinos servidos durante os últimos nomeamentos. Os servizos prestados refrense a nomeamentos xerados para unha mesma bolsa.

Artigo 15º.-Exclusión das bolsas de traballo.

1. Se a persoa a quen corresponder o chamamento para un posto concreto coincidente coa zona de preferencia non acepta o seu nomeamento, non presenta en prazo a documentación prevista nesta orde ou non se presenta para tomar posesión, entenderase

que renuncia ao nomeamento e quedará excluída da bolsa de traballo se o posto ofertado coincide coa zona de preferencia. En caso contrario, permanecerá no posto e chamarase ao seguinte da lista.

2. Non procederá a exclusión da bolsa de traballo cando a persoa seleccionada demostre e o poña en coñecemento da correspondente delegación provincial no prazo máximo de dous días de producirse o feito:

a) Incapacidade temporal, mediante certificado médico expedido por un facultativo da Seguridade Social, que acredite a situación de incapacidade o día que se produza o chamamento.

b) Maternidade, se a renuncia se produce entre o quinto mes de embarazo e a décimo oitava semana posterior ao parto.

c) Coidado de fillos menores tres anos de idade ou dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, enfermidade ou accidente non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída; sempre que se acredite a convivencia cos devanditos fillos ou familiar.

d) Adopción ou acollemento, se a renuncia se produce dentro das dezaseis semanas seguintes á chegada do adoptado ou acollido ao novo fogar. Este prazo ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do adoptado ou acollido e por cada un, no caso de adopcións ou acollementos múltiples.

Nos supostos de adopción internacional, se for necesario o desprazamento previo ao país de orixe do adoptado ou acollido, este prazo poderá incrementarse ata tres meses.

e) Nos casos de violencia sobre a muller en que se incoasen dilixencias xudiciais.

3. En todos os supostos do punto anterior, cando desapareza a causa o interesado comunicarllo á delegación provincial no prazo máximo de dous días hábiles para a súa reincorporación ao seu posto na bolsa respectiva.

4. Serán excluídos das listas os integrantes que o soliciten, e a non ser que conorra causa xustificada alegada e estimada pola comisión de selección, en calquera momento durante a súa vixencia, os que deixasen de reunir as condicións previstas nesta orde, así como os que solicitasen o cesamento voluntario no posto onde estean a traballar.

Artigo 16º.-Participación e información.

1. Os sindicatos presentes na Mesa Sectorial de Negociación do Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza en Galicia participarán en todo o proceso de elaboración e selección dos integrantes da bolsa de interinos a través dunha comisión paritaria integrada por un representante de cada sindicato e da Dirección Xeral de Xustiza, que velará pola súa aplicación e desenvolvemento.

2. En cada delegación provincial constituirase unha comisión de selección dos integrantes das bolsas, que deberá reunirse, polo menos, unha vez ao mes, para analizar as peticións e o control da corres-

pondente bolsa. Estas comisións estarán compostas por un representante da delegación provincial e por un representante de cada un dos sindicatos que conformen a Mesa Sectorial de Xustiza.

3. As xuntas de persoal, como órganos colexiados, poderán solicitar a información que consideren precisa sobre os criterios seguidos nos expedientes de proposta e nomeamento de funcionarios interinos, así como obter copias das bolsas de traballo.

CAPÍTULO III

SOLICITUDES, NOMEAMENTOS E CESAMENTOS DE INTERINOS.

Artigo 17º.-*Causas para o nomeamento de interinos.*

1. Só se poderá proceder ao nomeamento de persoal interino por algunha das causas que se sinalan nos artigos 18º e 19º desta orde.

2. En todo caso, o nomeamento de persoal interino terá un carácter excepcional e subsidiario, ao cal se poderá recorrer cando non exista outra medida máis efectiva para paliar as consecuencias de situacións de longa ausencia de funcionarios titulares ou da necesidade de nomear reforzos. No caso de reforzos terá un carácter preferente a concesión de prolongacións de xornada a favor de funcionarios en activo, aceptadas por estes coa obriga de cumprir corenta horas semanais de xornada laboral.

Artigo 18º.-*Peticións e nomeamento de interinos para cubrir situacións de ausencia de funcionarios titulares.*

1. Só se procederá ao nomeamento de persoal interino polas seguintes causas, todas elas condicionadas á acreditación da necesidade de cubrir o posto,:

- a) Por atoparse vacante un posto adscrito ao órgano petionario.
- b) Por causa de enfermidade de longa duración dun funcionario adscrito ao órgano petionario e acreditada por informe médico.
- c) Por concesión de permiso ou licenza de longa duración dun funcionario adscrito ao órgano petionario.
- d) Por outro motivo legal do cal derive unha ausencia continuada e duradeira dun funcionario titular adscrito ao órgano petionario.

2. A solicitude deberaa formular o órgano petionario no modelo que figura como anexo I a esta orde, que deberá ser cuberto en todos os seus puntos (en caso contrario, a solicitude será rexeitada sen máis trámites), e deberá ser remitida á correspondente delegación provincial.

3. O nomeamento do interino manterase só mentres non se cubra o posto por un funcionario titular por calquera dos medios legais existentes, sen prexuízo do disposto no artigo 21º desta orde.

Artigo 19º.-*Peticións e nomeamento de interinos para reforzo dos órganos xudiciais.*

1. No marco das medidas de apoio aos órganos da Administración de xustiza que soporten circunstancias conxunturais de carga de traballo extraordinaria

ou demora excepcional nos procedementos, que non aconsellen acordar prolongacións de xornada ou non haxan funcionarios que as acepten, a Dirección Xeral de Xustiza poderá autorizar, de acordo co disposto nesta orde, a dotación do órgano con interinos de reforzo, sempre que o permitan as disponibilidades orzamentarias, ben directamente, que terá un carácter excepcional, cando existise unha urxencia que faga o nomeamento inaprazable, ben unha vez oído o Grupo Técnico da Comisión Mixta coa Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza ou a Comisión de Coordinación co Ministerio Fiscal.

Estas dotacións estarán condicionadas á xustificación, por parte do órgano petionario, da insuficiencia de recursos para atender a situación que afecta o órgano e ao cumprimento dos obxectivos concretos que deberán determinar e fixar os órganos petionarios. Estes obxectivos estarán incluídos nun plan de actuación, proposto polos ditos órganos, que necesariamente determinará o traballo que realizará o persoal interino de reforzo e o tempo previsto de duración máxima da medida, de acordo co disposto no parágrafo tres deste artigo. Sen o cumprimento destes requisitos non se admitirá a trámite a petición. Para os efectos de valorar a súa concesión e acreditar a necesidade do reforzo, a Dirección Xeral de Xustiza poderá solicitar os informes que estime precisos.

2. Tamén poderá nomearse provisionalmente persoal de reforzo mentres se tramita o proceso de aumento do cadro de persoal dun órgano, sempre que tal nomeamento estea xustificado en causas estruturais e non meramente conxunturais ou esporádicas. Este nomeamento terá, en todo caso, un carácter excepcional.

3. O nomeamento de interino de reforzo, en todo caso, será por unha duración máxima de seis meses, con posibilidade de prórroga por un máximo doutros seis meses para o suposto de que, por causas debidamente xustificadas polo órgano afectado, non se cumprisen os obxectivos fixados no plan de actuación. Só por causas extraordinarias, xustificadas suficientemente polo órgano petionario e para os casos de necesidade estrutural, poderán acordarse novas prórrogas.

Será aplicable á concesión de prórrogas o previsto no punto primeiro deste artigo.

4. As solicitudes de nomeamento de interinos deberán ser remitidas polo órgano petionario á Dirección Xeral de Xustiza, no modelo oficial impreso que consta na intranet de Xustiza, contido, tamén, no anexo I desta orde, debidamente cuberto e con toda a documentación xustificativa exixida. Simultaneamente, o petionario remitirá unha copia da solicitude e da documentación xustificativa ao correspondente secretario coordinador, ou director funcional, para que este a envíe, co informe e no prazo sinalado no seguinte parágrafo, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a través da Secretaría de Goberno. Sen o cumprimento destes requisitos e da remisión simultánea non se admitirá a trámite a solicitude.

O secretario coordinador ou, se é o caso, o director funcional, deberá remitir a solicitude cun informe sobre a necesidade do reforzo solicitado, que deberá enviar simultaneamente á Dirección Xeral de Xustiza e á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo máximo de cinco días hábiles.

5. De conformidade cos criterios establecidos nesta orde, a Dirección Xeral de Xustiza resolverá sobre a solicitude de dotación de interino, que lles será comunicada ao órgano solicitante e ás delegacións provinciais para que procedan, se é o caso, ao seu nomeamento.

6. Mentres permaneza o reforzo, a Dirección Xeral de Xustiza, directamente ou a través das delegacións provinciais, poderá solicitar un informe do órgano beneficiado polo reforzo sobre a efectividade da medida de reforzo concedida, que estará obrigado a emitilo nun prazo máximo de cinco días hábiles.

7. O nomeamento de persoal de reforzo farase de igual modo que o nomeamento de interino do artigo 18º.

Artigo 20º.-Selección, chamamento ao candidato, entrega da documentación e toma de posesión.

1. Unha vez aceptada a dotación con interino, a delegación provincial correspondente seleccionará o candidato segundo o establecido no artigo 14º desta orde e ofreceralle a praza para a súa aceptación ou manifestación de causa xustificada de renuncia no prazo máximo de vinte e catro horas. Para este efecto, a delegación provincial correspondente empraará o candidato telefonicamente ou, de non contactar con el, mediante correo ou calquera outro medio con xustificante de recepción.

2. Tras aceptar a oferta, o seleccionado deberá presentar, antes da toma de posesión e no prazo máximo dos tres días que ten para tomar posesión do posto, na delegación provincial correspondente, os seguintes documentos:

a) Declaración xurada ou documento xustificativo de non ter sido condenado por delito doloso a penas privativas de liberdade maiores de 3 anos, a non ser que se obtivese a cancelación dos antecedentes penais ou a rehabilitación.

b) Declaración xurada ou documento xustificativo de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración pública, e non estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas, a non ser que fose debidamente rehabilitado.

c) Certificado médico que acredite que non padece defecto físico ou enfermidade psíquica ou física que o incapacite para o desempeño do cargo.

3. O interesado terá un prazo máximo de tres días hábiles, desde a comunicación prevista no punto 1 deste artigo, para tomar posesión no posto.

Artigo 21º.-Cesamentos e renuncias.

Os nomeamentos dos funcionarios interinos quedarán sen efecto cando se produza algún dos seguintes feitos:

1. Cando sexa cuberta por un funcionario titular a praza desempeñada por un interino ou finalice o pra-

zo de concesión do reforzo, de acordo cos seguintes criterios:

a) O cesamento terá efectos no momento da incorporación efectiva do funcionario titular; no entanto poderá autorizarse a continuidade do interino se no órgano houber algunha outra praza vacante, en aplicación da non vinculación a un posto concreto regulada no artigo 23º desta orde.

b) No caso de que haxa funcionarios interinos que non levasen máis de dezaioito meses destinados nese órgano, cesará o que leve menos tempo; se houber funcionarios interinos que levasen máis de dezaioito meses, cesará aquel que leve máis tempo traballando nese órgano. En caso de empate cesará o que teña peor posición na bolsa.

Para estes efectos, para o cómputo dos dezaioito meses, considerarase como data inicial a de entrada en vigor desta orde.

c) Tamén cesará o interino que entre en colisión cun titular no caso de existencia de substitucións, agás que resulte de aplicación o disposto no artigo 74.7º do Real decreto 1451/2005, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

d) En todo caso, os interinos procedentes do INEM, a que se refire o artigo 5º.5 desta orde, cesarán no caso de colisión cos integrantes da bolsa.

2. Por falta ou falsidade inicial ou sobrevida dalgúns dos requisitos exixidos ou circunstancias alegadas para a súa inclusión na bolsa.

3. Por sanción de falta moi grave cometida polo funcionario interino.

4. Por manifesta falta de capacidade ou de rendemento de conformidade co establecido no artigo seguinte.

5. Por expiración do prazo ou finalización das necesidades do servizo ou urxencia que motivaron a cobertura mediante persoal interino.

6. Por supresión da praza desempeñada.

7. Por alcanzar a idade legal de xubilación.

8. Por renuncia voluntaria.

Artigo 22º.-Cesamento do interino por falta de capacidade ou rendemento.

1. O director funcional ou, se é o caso, o secretario xudicial do órgano respectivo, o fiscal competente ou o titular do Imelga poderá propoñerlle á Dirección Xeral de Xustiza, a través da delegación provincial correspondente, o cesamento do funcionario interino por falta de capacidade ou rendemento.

2. A proposta de cesamento será motivada e notificaralla o director funcional ao interesado para que nun prazo de cinco días hábiles presente as alegacións que considere oportunas, poñéndose á súa disposición, a petición do interesado, a documentación durante o mesmo prazo. Neste prazo o interesado poderá achegar a documentación que considere

oportuna, e propoñer proba sobre as circunstancias que motivan a proposta.

3. A delegación provincial correspondente incoará o expediente, acordando na mesma resolución darlles traslado da proposta de cesamento e das alegacións recibidas ás organizacións sindicais sinaladas no artigo 16º, as cales no prazo de cinco días naturais poderán efectuar por escrito as consideracións e propoñer as probas que consideren procedentes. A delegación provincial correspondente, unha vez practicadas as probas consideradas pertinentes, enviaralle o informe pertinente con todo o expediente á Dirección Xeral de Xustiza.

4. Logo da proposta da subdirección xeral competente en materia de recursos humanos, o/a director/a xeral resolverá nun prazo de dez días hábiles.

Artigo 23º.-Vinculación e eficacia temporal dos nomeamentos.

1. A vinculación xurídica e económica dos funcionarios interinos coa consellería competente en materia de xustiza comeza desde o momento da súa toma de posesión e extinguirase na data en que se dispoña o seu cesamento.

2. Ningún interino está vinculado a un posto de traballo concreto, independentemente das causas que motivaron o seu nomeamento sinaladas nos artigos 18º e 19º desta orde.

Disposicións adicionais

Primeira.-Cambio de domicilio.

Cando un interino, pertencente á bolsa de traballo para postos reservados aos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza constituída noutra comunidade autónoma ou xerencia, fixe o seu domicilio no territorio da Comunidade Autónoma galega, poderá solicitar a inclusión nunha bolsa provincial desta comunidade. Para iso, achegará unha certificación de méritos do órgano xestor de onde proceda, a documentación acreditativa do seu cesamento e do novo domicilio. Será baremado segundo o disposto nesta orde, e incluírase ao final da lista que corresponda, sempre que acade a puntuación do último integrante do corpo en que solicite a súa inclusión.

Para garantir que non se produzan desequilibrios nas bolsas, durante a vixencia desta orde só se permitirá unha vez o cambio de bolsa provincial, ben por cambio de domicilio dentro do territorio de Galicia ou ben por interese e a petición do/a interino/a.

Segunda.-Zonas de preferencia.

1. Estableceranse na correspondente convocatoria, sen prexuízo de que a Dirección Xeral de Xustiza directamente, atendendo á mellor prestación do servizo público, as modifícase, as seguintes zonas de preferencia dentro da mesma provincia, ás cales poden optar os solicitantes e que deberán sinalar na súa solicitude; no caso contrario, a súa solicitude será rexeitada sen máis trámites:

Provincia da Coruña:

Zona 1: comprende A Coruña, Betanzos, Carballo, Ferrol e Ortigueira.

Zona 2: comprende Santiago de Compostela, Ordes, Arzúa, Negreira, Corcubión, Muros, Noia, Ribeira e Padrón.

Provincia de Lugo:

Zona 1: comprende Lugo, Viveiro, Vilalba, Mondoñedo e A Fonsagrada.

Zona 2: comprende Lugo, Chantada, Sarria, Becebreá e Monforte de Lemos.

Provincia de Ourense:

Zona 1: comprende Ourense, O Carballiño, Ribadavia, Celanova e Bande.

Zona 2: comprende Ourense, Xinzo de Limia, Verín, A Pobra de Trives e O Barco de Valdeorras.

Provincia de Pontevedra:

Zona 1: comprende Pontevedra, Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Marín, A Estrada e Lalín.

Zona 2: comprende Vigo, Cangas, Redondela, Pontareas, Tui e O Porriño.

2. Se se esgotasen os integrantes dunha zona concreta de preferencia, os pertencentes, dentro da mesma provincia, á outra zona de preferencia estarán obrigados, coas consecuencias que se sinalan nesta orde, a aceptaren o chamamento para a outra zona de preferencia.

3. En todo caso a comisión provincial de interinos respectiva, atendendo á efectividade das bolsas e unha vez examinadas as solicitudes, poderá establecer unha bolsa única de ámbito provincial en que quedarán integrados obrigatoriamente todos/as os/as solicitantes da correspondente provincia.

Disposicións transitorias

Primeira.-Réxime provisorio de nomeamento de interinos.

Mentres non sexan aprobadas e publicadas as bolsas de traballo definitivas con suxeición ás normas contidas nesta orde, seguiranse nomeando interinos para postos dos corpos xerais de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza das bolsas constituídas consonte a Orde do 4 de febreiro de 2004.

Segunda.-Regularización e situación dos interinos xestores, tramitadores e do corpo de auxilio que non posúan a titulación correspondente ao posto que ocupan.

1. Aprobadas e publicadas as bolsas de traballo definitivas con suxeición ás normas contidas nesta orde, as persoas nomeadas interinas do corpo de xestión que non reúnan a titulación exixida para este corpo cesarán e colocaranse no posto que lles corresponda, e na bolsa que solicitasen, seguindo a orde de puntuación. Porén, continuarán no seu posto ata que proceda o seu cesamento, de conformidade co previsto no artigo 21º desta orde, ou finalice o período previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei orgánica do poder xudicial.

2. O previsto no punto anterior seralles tamén aplicable aos interinos nomeados tramitadores que non reúnan a titulación para o corpo de tramitación procesual e administrativa e aos interinos nomeados auxiliares que non posúan a titulación para o corpo de auxilio xudicial.

3. Nos dous casos anteriores aos interinos afectados aplicaráselles a esta orde.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 4 de febreiro de 2004 sobre selección, proposta e nomeamento de funcionarios interinos para cubrir prazas vacantes nos corpos de médicos forenses, oficiais, auxiliares e axen-

tes da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma galega, agás o previsto na disposición transitoria primeira desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2009.

José Luis Méndez Romeu
 Conselleiro de Presidencia, Administracións
 Públicas e Xustiza

ANEXO I

**SOLICITUDE DE NOMEAMENTO DE INTERINO/
 SOLICITUD DE NOMBRAMIENTO DE INTERINO**

Órgano Órgano

D/Dª.....

Na súa condición de

En su condición de

(xuíz decano, fiscal xefe, secretario, etc./juez decano, fiscal jefe, secretario, etc.)

SOLICITA O NOMEAMENTO DE INTERINO PARA CUBRIR O SEGUINTE POSTO DE TRABALLO/ *Solicita el nombramiento de interino para cubrir el siguiente puesto de trabajo*

UNIDADE/Unidad	CÓDIGO DO POSTO/ <i>Código del puesto</i>	CORPO/Cuerpo

MOTIVO DA SOLICITUDE / Motivo de la solicitud

<p>Vacante/vacante</p> <p><input type="checkbox"/> Licenza por maternidade ou paternidade do funcionario/a titular <i>Licencia por maternidad o paternidad del funcionario/a titular</i></p> <p><input type="checkbox"/> Por concesión de permiso ou licenza de longa duración <i>Por concesión de permiso o licencia de larga duración</i></p> <p><input type="checkbox"/> Licenza por enfermidade de longa duración (máis de dous meses) <i>Licencia por enfermedad de larga duración (más de dos meses)</i></p> <p><input type="checkbox"/> Liberación sindical do/a funcionario/a titular <i>Liberación sindical del/ de la funcionario/a titular</i></p> <p><input type="checkbox"/> Reforzo (achégase plan de actuación de conformidade co previsto no artigo 19º desta orde) <i>Reforzo (Se adjunta plan de actuación conforme a lo previsto en el artículo 19º de esta orden)</i></p> <hr/> <p>Observacións/ Observaciones:</p>
--

.....,de.....de.....

Asdo.Fdo:.....